

## ACTUALIZACIÓN XANEIRO 2023 CONTRATO FIXO DISCONTINUO

O 26 de marzo de 2022 elaboramos un Verbas Claras sobre o novo contrato fixo discontinuo resultante da nova Reforma laboral. Podedes ler [AQUÍ](#)

No antepenúltimo parágrafo dicíamos:

***A súa antigüidade terá en conta toda a duración da relación laboral e non o tempo de servizos efectivamente prestados, coa excepción daquelas condicións que esixan outro tratamento en atención á súa natureza e sempre que responda a criterios de obxectividade, proporcionalidade e transparencia. Aquí hai unha inseguridade xurídica que agardemos se corrixa.***

Pois ben, a xurisprudencia fixo o seu traballo; a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 15 de outubro de 2019 considera que se existe un plus de antigüidade, ou trienios/quinquenios en caso da administración, débese abonar tendo en conta os anos traballados na empresa, e non os días efectivamente traballados eses anos. Desde esta sentenza do TJUE xa houbo varias sentenzas do TS neste mesmo sentido (STS 36/2021 - ECLI:ES:TS:2021:36) e a última (STS 4815/2022 - ECLI:ES:TS:2022:4815) que podedes ler ([Aquí](#)).

***Nesta sentenza créase xurisprudencia e queda fixado que a recente doutrina desta Sala na que se entendeu que a exclusión dos períodos non traballados polos traballadores fixos discontinuos para adquirir o dereito a un trienio vai contra a normativa europea, sen que sexa unha razón obxectiva a existencia dunha norma xeral e abstracta que así o prevexa***

ATENCIÓN: NON SE CONSIDERA ASÍ PARA A INDEMNIZACIÓN POR DESPEDIMENTO.

Unha pregunta que nos chegou a SNEP e que consideramos de importancia:

**Que sucede se estou de baixa e fan o chamamento?**

**Debes incorporarte ao chamamento. Se non o fas consideraríase unha baixa voluntaria, e polo tanto, finalizarías a relación laboral sen dereito a indemnización por despedimento nin tampoco ao paro. A persoa traballadora ten que ser dada de alta na empresa, e tramitar a baixa pola incapacidade que corresponda. (Sentenza do Tribunal Supremo 14 de xullo de 2016).**

## EMPREGO ESTABLE, EMPREGO CON DEREITOS, POR DIGNIDADE

A información para todas e todos

<https://snepdeg Galicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>